

# **RELATORIO “SERVIZOS PÚBLICOS PARA UNHA SOCIEDADE PLURAL E ACOLLEDORA”**

Coordinadora: Marta Fernández-Tapias  
Relatores: Cristina Abades  
Martina Aneiros  
César Fernández

## **PREÁMBULO**

1. O Partido Popular de Galicia renova o seu compromiso coa modernización dos servizos públicos, xa que manter e mellorar o Estado de Benestar é o cerne da súa acción política desde o seu nacemento.
2. O Partido Popular está comprometido co modelo social de Europa que tanto axudou a modernizar o noso país. No noso ideario figuran principios irrenunciáveis como a solidariedade e a igualdade, que se traducen no convencemento de que nada do que lle aconteza a ningún galego lle é alleo aos demais. Cremos nunha sociedade do benestar baseada nas oportunidades para todos. Isto significa que aqueles que se atopan con maiores dificultades teñen na acción de goberno do Partido Popular un aliado, para remover obstáculos e facer posible o libre desenvolvemento das súas capacidades.
3. A protección dos máis vulnerables, ademais de ser un dereito constitucional e un principio de solidariedade, inspira todo o noso programa de goberno de xeito transversal. E para garantir estes apoios é imprescindible xestionar do xeito máis eficiente posible os recursos públicos, e avanzar en medidas que promovan a non discriminación, o respecto pola diferenza, a acción do voluntariado e a plena inclusión das persoas con discapacidade.
4. Este compromiso pasa por afrontar, en primeiro lugar, as urxencias derivadas da pandemia da Covid-19 que estamos a vivir desde marzo de 2020. Sen ningunha dúbida, a prioridade é dar resposta ás necesidades ocasionadas pola crise sanitaria e tamén ás súas consecuencias en todos os ámbitos sociais.

5. Os populares galegos queremos expresar o noso recoñecemento e admiración aos profesionais dos servizos públicos galegos, dun xeito especial aos traballadores do ámbito sanitario que encararon a pandemia desde a primeira liña ou aos que acompañaron aos maiores como persoas máis vulnerables na pandemia. Nesta mesma liña, rexeitamos calquera tentación de desprestixio á Sanidade Pública, a Educación Pública e aos Servizos Sociais Públicos, que demostraron estar á vangarda.
6. Valoramos a modernización impulsada en Galicia para contar cuns servizos públicos de calidade e reivindicamos a nosa pegada nese proceso. Un repaso á nosa historia autonómica revela que os maiores avances en materia social déronse con Gobernos do Partido Popular de Galicia. Non é casual que desde 2009, nuns anos que maioritariamente foron de turbulencias económicas, a Xunta de Galicia duplicase o seu investimento social. A fonda transformación vivida, especialmente na última década, é a clave principal para que a nosa Comunidade estea sendo unha das que mellor resposta social está dando á pandemia desde todos os puntos de vista.
7. Asumimos o deber de continuar reforzando a Sanidade, a Educación e os Servizos Sociais Públicos, aplicando as leccións extraídas na pandemia excepcional que vivimos e velando pola viabilidade presente e futura do noso Estado de Benestar.
8. Consideramos que o diálogo cos axentes sociais así como co resto das forzas políticas debe ser o instrumento para decidir a nosa política social. O intercambio de opinións e o coñecemento de primeira man das distintas necesidades é fundamental para que as medidas defendidas polo Partido Popular de Galicia en materia de servizos públicos sexan útiles para a sociedade plural que queremos e representamos.

9. Cremos que a boa política económica é a mellor política social e que, en paralelo, unha boa política social e familiar debe traer aparellada unha boa política económica. A creación de emprego e riqueza é a base para que os poderes públicos poidan desenvolver medidas de fomento do benestar racionais, sustentables e de longo prazo. Defendemos unha política orzamentaria que siga dando prioridade ás necesidades sanitarias, educativas e sociais de cada momento, de xeito que todas as institucións garantan un financiamento xusto dos servizos públicos e acorde ao seu custe real.
10. A proposta social do Partido Popular de Galicia ten como obxectivo o benestar e o desenvolvemento integral de todas as persoas na nosa sociedade, baixo os principios de liberdade, igualdade e xustiza social. Neste sentido, rexeitamos que ningunha política pública poida empregarse para outros intereses, especialmente para o adoutramento ideolóxico. Igualmente, facemos nosa a solidariedade practicada pola maioría dos cidadáns, entre territorios e entre galegos de distintas idades e condicións.
11. Aspiramos á igualdade completa entre mulleres e homes, convencidos de que os moitos pasos dados nas últimas décadas deben completarse para eliminar calquera resto de discriminación por razón de sexo.
12. Sinalamos a familia como institución esencial da nosa sociedade e asumimos o compromiso de apoiala en todas as súas vertentes, sendo conscientes de que o problema demográfico é o principal reto estratéxico co que nos desafia a Galicia do futuro. Soster unha sociedade envellecida como a nosa é unha débeda que temos cos nosos maiores, sen esquecer o obxectivo de dar máis oportunidades á mocidade que se abre paso e quere impulsar proxectos familiares e profesionais na nosa terra.

13. Comprometémonos, en definitiva, a seguir contribuíndo á transformación social de Galicia. A historia define o noso como un pobo xeneroso e solidario, con capacidade de sacrificio e superación nos momentos difíciles, sempre disposto a axudar aos demais e a antepoñer o ben común aos intereses particulares. A nosa vontade é seguir escoitando as demandas e achegando as ideas necesarias para ser dignos representantes da comunidade plural, aberta e receptora que conformamos.

## **AS APRENDIZAXES DA PANDEMIA**

14. O Partido Popular de Galicia quere agradecer a resposta dada pola sociedade galega durante a pandemia da Covid-19, así como o esforzo dos colectivos implicados máis directamente nesta loita e a solidariedade do noso pobo con outras comunidades coas que compartimos os nosos recursos. A responsabilidade practicada con carácter xeral e o cumprimento maioritario das necesarias restricións foi determinante para que a nosa Comunidade rexistre a taxa de mortalidade máis baixa de toda a Península. Neste sentido, é preciso continuar actuando co sentidíño e solidariedade que caracteriza ao pobo galego para manter a incidencia do virus o máis baixa posible e preservar a capacidade asistencial dos centros sanitarios.
15. Así mesmo, consideramos imprescindible continuar o proceso de vacinación coa mesma axilidade que actualmente nos permite ser unha das comunidades con maior porcentaxe de poboación inmunizada, e solicitamos ao Goberno central que traballe con maior planificación nas seguintes campañas.
16. Todas as institucións deben incorporar á xestión pública as leccións extraídas durante a pandemia, especialmente no referente aos novos códigos de organización dos servizos públicos. En clave autonómica, instamos a que a anticipación coa que Galicia traballou durante a crise da Covid-19 marque tamén a necesaria adaptación da sanidade, educación e servizos sociais públicos.

17. A pandemia demostrou que a lexislación ordinaria en materia sanitaria non estaba preparada para unha crise da natureza e magnitude da que vivimos. Desde Galicia, defendemos en todo momento que era necesaria unha actualización da normativa sanitaria a nivel estatal, e chegamos a propoñer e elaborar unha reforma da Ley Orgánica de Salud Pública. Ante a negativa de acometer esta modificación, os populares galegos promovemos no Parlamento galego unha reforma da Lei de Saúde autonómica para adaptala ao novo contexto. Rexeitamos a decisión ideolóxica do Goberno Central de recorrer ante o Tribunal Constitucional este texto, máis se cabe cando recentemente o executivo socialista de Baleares aprobou un decreto cunha redacción practicamente idéntica.
18. É prioritario garantir que a organización sanitaria e sociosanitaria manteña a capacidade de resposta que xa demostrou ante posibles gromos ou aparición de novas variantes. Para que iso sexa posible, tamén demandamos que a nivel nacional se perfeccione o sistema de alerta epidemiolóxica para poder advertir dos posibles riscos con máis rapidez que no inicio desta crise.
19. A pandemia puxo de manifesto o papel clave dos profesionais do ámbito sanitario. Por iso, consideramos inexplicable que o Goberno central manteña a taxa de reposición de efectivos públicos. Seguimos demandando que se elimine para poder ampliar as ofertas públicas de emprego e rebaixar a eventualidade.
20. Do mesmo xeito, tamén esiximos que se autorice un maior número de prazas de formación MIR en especialidades claramente deficitarias, como Medicina de Familia ou Pediatría; así como que se recoñeza o antes posible a especialidade de Urgencias.

21. Galicia destacou durante a pandemia por terse adiantado na adquisición do equipamento necesario para poder atender a todas as persoas hospitalizadas, pero tamén pola capacidade diagnóstica, onde fomos pioneiros coa implantación nun primeiro momento do Covid auto ou do sistema de pooling. Nesta liña débese continuar garantindo unha reserva estratéxica de material EPI e ampliando a capacidade dos laboratorios galegos para facilitar a detección temperá de posibles riscos para a saúde causados por enfermidades infecciosas. Para isto será preciso implementar unha rede de sensores e a análise de indicadores, tanto ambientais como sanitarios.
  
22. Galicia debe posuír unha maior capacidade de secuenciación de virus e bacterias que nos permita avanzar na prevención de resistencias bacterianas, unha das máis importantes ameazas para a nosa saúde nos vindeiros anos. Con carácter xeral, tamén é importante actualizar e reforzar o respaldo ao persoal destinado á investigación sanitaria, avanzando nas políticas de retención do talento e na súa capacidade de traballo en rede a través de sistemas integrados de información da investigación clínica. Para iso, cómpre promover programas de acompañamento e soporte que faciliten a constitución de spin-offs e a translación dos resultados destes proxectos de investigación.
  
23. O mundo enteiro está a vivir un proceso histórico de transformacións que se viu acelerado pola pandemia. Galicia non é allea a esta sucesión de cambios e debe prepararse para dar resposta de forma áxil e axeitada aos novos desafíos. Neste sentido, os servizos públicos deben completar o proceso de adaptación de espazos xa iniciado coa crise da Covid-19, orientado a crear áreas máis flexibles que permitan as máximas garantías hixiénico-sanitarias.



24. Neste sentido, entendemos oportuno consolidar o sistema de “hospital único” no Sistema Galego de Saúde. A flexibilidade dos espazos físicos revelouose clave para o futuro, así como a visión unificada das distintas áreas sanitarias desde o punto de vista asistencial e unha maior coordinación da Atención Primaria e Especializada. Tamén debe aumentarse o traballo interdisciplinar dos profesionais e, por iso, o modelo sanitario debe enfocarse a converter os espazos hospitalarios e clínicos en espazos que faciliten a colaboración dos equipos.
  
25. Do mesmo xeito, as unidades PosCovid implantadas en Galicia para atender a persoas que superaron a infección cunha perspectiva multidisciplinar son un espello no que debe mirarse a Sanidade Pública para ofrecer unha atención aínda máis enfocada á patoloxía do paciente. Debemos insistir neste modelo que se basea na conformación de equipos que integran a profesionais de varios servizos, xa que os expertos aválanos para o tratamento de enfermidades raras, atención á cronicidade ou patoloxías relacionadas coa mama, entre outras.
  
26. A atención domiciliaria foi un aspecto crucial durante a pandemia, tanto para conter as sucesivas ondas de incidencia do virus, como para responder ás diferentes necesidades sanitarias derivadas daquelas patoloxías que non tiñan que ver coa Covid. Malia que no seu momento, a implantación de servizos de teleasistencia foi fortemente criticada pola oposición, desde o Partido Popular de Galicia reivindicamos a súa utilidade e a necesidade de seguir perfeccionándoos de cara ao futuro, dado que son o mellor complemento á atención presencial e demostran a súa axilidade e utilidade decisivas en circunstancias concretas.

27. O ámbito sociosanitario tamén require dun esforzo de adaptación. Malia que Galicia nunca deu ningunha vida por perdida e foi a Comunidade da Península con menor número de falecementos por Covid, o certo é que a pandemia afectou con especial dureza ás persoas máis vulnerables e, en concreto, aos maiores que viven nas residencias. O sector e os poderes públicos deben culminar a reflexión serea xa iniciada para perfeccionar a atención aos galegos que precisan destes servizos.
28. Así mesmo, propoñemos avanzar no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica nos colexios, que impulse o novo modelo de escolas; e a consolidación dun sistema de ensino virtual que estea ao alcance da comunidade docente e das familias para momentos de crise como o que vivimos. Os horarios espello que teñen en vigor a maioría dos centros educativos, a mellora da formación para o ensino a distancia e a distribución de medios informáticos debe continuar presente na organización académica.
29. O Partido Popular de Galicia tamén quere testemuñar a súa solidariedade co enorme sufrimento humano que ten provocado a Covid-19, comezando por suposto polas familias das persoas falecidas durante a pandemia e cos afectados pola enfermidade. En todo caso, a avaliación dos danos provocados polo coronavirus son moi amplos e, por iso, consideramos que toda a sociedade debe empeñarse en detectalos e afrontalos en todas as vertentes.
30. É necesario manter activo do Plan de recuperación asistencial posto en marcha para realizar as intervencións, probas e consultas que de xeito obrigado se tiveron que aprazar pola pandemia; así como o proceso de recuperación das consultas presenciais en Atención Primaria.

31. Tamén vemos prioritario reforzar a vixilancia e resposta aos danos sufridos polos maiores como consecuencia das limitacións de mobilidade e interacción social, para poder dar as respostas axeitas ao impacto que as restricións tiveron no seu benestar emocional.
  
32. No eido educativo cómpre que sigan en vigor as medidas orientadas a reforzar as competencias non adquiridas durante os meses de confinamento, así como os equipos de atención virtual e o protocolo de atención domiciliaria para dar as respostas educativas necesarias aos estudantes. Tamén debemos seguir vixiantes no referente ás situacións de ansiedade e estrés derivados da pandemia entre as xeracións máis novas.
  
33. Con carácter xeral, defendemos velar pola saúde mental da cidadanía galega nesta crise. Neste sentido, propoñemos que o Comité Clínico que asesorou ao Goberno galego desde o inicio da pandemia se amplíe coa incorporación de profesionais da Psiquiatría e da Psicoloxía co obxectivo de completar o diagnóstico integral sobre os efectos da pandemia neste ámbito e orientar as seguintes medidas necesarias para afrontalos.

## **A SANIDADE PÚBLICA DESPOIS DA COVID**

34. Os populares galegos afirmamos que a Sanidade Pública é o cumio das nosas prioridades sociais e reivindicamos a contribución da nosa formación á permanente mellora do sistema. O aumento constante do peso sanitario nos orzamentos da Xunta ao longo dos últimos anos e a fonda modernización da Sanidade permitiron que, ata a irrupción da pandemia, os indicadores sanitarios fosen os mellores da historia autonómica. A crise da Covid-19 foi un desafío histórico ao sistema, que deu unha resposta excepcional. O noso principal obxectivo é seguir traballando para lograr resultados e índices de satisfacción cidadá cada vez mellores.
35. A protección da Sanidade Pública, por máis que sexa un servizo descentralizado, é un obxectivo que tamén convoca a nivel nacional como prioridade social que é de todos. Neste sentido, instamos ás forzas políticas de España a impulsar as reformas e actualizacións necesarias para garantir a viabilidade e sustentabilidade do sistema para as xeracións futuras.
36. O principal desafío do Sistema Nacional de Saúde, ademais dos novos retos epidemiolóxicos, é a realidade demográfica e o avellentamento da poboación, especialmente en comunidades como Galicia. Neste sentido, consideramos necesario seguir adaptando o sistema para dar resposta ao reto que supoñen as crecentes enfermidades crónicas, para as cales son moi relevantes os servizos de hospitalización a domicilio ou sistemas de telemonitorización como TELEA.

37. Para unha mellora na optimización dos recursos a filosofía do “hospital único” debe estenderse non só no ámbito puramente asistencial, senón tamén ligado ao big data. Para iso deberán introducirse novos sistemas de explotación masiva dos datos manexados polos servizos sanitarios co propósito de mellorar a atención e empregalos no ámbito da investigación. A análise masiva de datos permitirá tamén elaborar novos cribados de cancros e outras patoloxías segundo parámetros de repetición entre os pacientes.
38. Esta visión suprahospitalaria debe empregar a totalidade dos recursos asistenciais dispoñibles no Sergas de xeito coordinado, permitindo a profesionais de distintas áreas compartir criterios clínicos, aproveitar o coñecemento interno da organización e que acade un alto grao de homoxeneidade nas decisións clínicas, eliminando a variabilidade. Ao tempo, permitirá a participación dos diferentes casos clínicos nos estudos de investigación, facilitando unha mellor atención para os casos futuros. Este traballo en rede é especialmente importante no eido oncohematolóxico, cada vez máis especializado, e no que Galicia debe crear estruturas de traballo en rede entre todos os seus hospitais para compartir coñecementos e adquirir maior experiencia en casos complexos, co obxectivo de que poidan tratarse na nosa comunidade.
39. A atención sanitaria deberá organizarse cada vez máis mediante áreas funcionais centradas na patoloxía do paciente. Do mesmo xeito que unidades posCOVID formadas por profesionais de varios servizos están agora mesmo a prestar atención ás persoas que superaron o coronavirus, este tipo de atención multidisciplinar debe incorporarse a outros ámbitos, como as enfermidades raras ou determinados cancros.

40. A atención primaria ten que ser o pilar fundamental do noso sistema sanitario, conseguindo que o centro de saúde teña nun concello un papel protagonista como axente que lidere proxectos de intervención comunitaria que definan melloras de saúde en toda a poboación, potenciando programas de hábitos de vida saudable e de prevención da enfermidade. Por iso, ademais, as reformas organizativas xa iniciadas pola Xunta e a mellora das infraestruturas deben ir acompañadas de maior dotación de equipamento para mellorar a capacidade diagnóstica, unido a un traballo multidisciplinar e inclinado ao ámbito comunitario.
  
41. Recoñecemos de maneira expresa as decisións adoptadas para que en Galicia se garantan tempos máximos de espera en determinadas patoloxías, así como outros dereitos como a segunda opinión ou a libre elección de persoal médico de familia, pediatra e profesional de enfermería; e consideramos que son instrumentos favorables para que a satisfacción sanitaria dos galegos se manteña por riba da media nacional.
  
42. Preservar a humanización da atención sanitaria aos enfermos e do trato ás familias é un obxectivo prioritario, que debe someterse a permanente avaliación. O enfoque afectivo, persoal, familiar e éticos son tamén parte importante da asistencia. Por iso debemos mellorar as habitacións, avanzando progresivamente cara a un maior número de habitacións individuais, e dotando os centros de novo mobiliario. Igualmente, débense mellorar as zonas de espera, especialmente nas unidades de coidados críticos e para a información aos familiares. Cómpre ampliar tamén as áreas de espaxamento no ámbito sanitario, especialmente as destinadas á poboación infantil; así como aumentar a accesibilidade da atención sanitaria para as persoas con discapacidade auditiva.

43. Os populares galegos tamén queremos poñer en valor os importantes investimentos executados ou en execución en materia de infraestruturas sanitarias. Instamos a completar o proceso de construción de novos hospitais públicos e renovación dos restantes, así como o impulso en materia de Atención Primaria, para que os cidadáns conten cun Sistema Galego de Saúde completamente novo ou renovado. De xeito especial, solicitamos rematar o fortalecemento dos hospitais comarcais, tanto no relativo ás obras de mellora como ao incremento da carteira de servizos en cada un deles.
44. Os avances médicos fan posible afrontar en mellores condicións as distintas enfermidades, mesmo algunhas que noutro tempo eran insuperables. Galicia debe seguir posicionada para incorporar ao sistema as novas oportunidades e realidades que vaian xurdindo, como xa ten sucedido con novos fármacos como os da Hepatite ou o VIH ou con novas tecnoloxías como a instalación do primeiro equipo de ultrasons HIFU para tratar o tremor esencial nun hospital público español ou coa aposta pola fabricación de fármacos CAR-T. Nesta liña, a nosa Comunidade debe seguir desenvolvendo o Plan de Renovación Tecnolóxica, optando á incorporación de terapias de última xeración, como por exemplo o uso de protóns.
45. Apostamos por seguir transformando un modelo reactivo centrado só na curación de enfermidades cara outro proactivo que anticipe os problemas e amplíe a prevención en materia de saúde. Neste sentido, consideramos que a Atención Primaria debe actuar como axente tractor de proxectos de intervención comunitaria que definan melloras de saúde en toda a poboación, potenciando programas de hábitos de vida saudable e de prevención da enfermidade.

46. Igualmente, consideramos que a saúde mental debe seguir incrementando o seu protagonismo na xestión sanitaria, non só desde o punto de vista asistencial senón tamén para combater de xeito colectivo o estigma que aínda pesa sobre moitos afectados por este tipo de patoloxías. Neste sentido, o avance do Plan de Saúde Mental que está en vigor na Xunta de Galicia debe acompañarse da implantación de mecanismos e vías rápidas en todas as áreas sanitarias que permitan facer un diagnóstico precoz.
47. Así mesmo, débese traballar en procesos de atención integral aos distintos tipos de demencias, permitindo seguir avanzando na liña de mellora das enfermidades neurodexenerativas iniciada na anterior lexislatura co ictus, a esclerose lateral amiotrófica e a esclerose múltiple.
48. No ámbito da sanidade comunitaria a pandemia tamén trouxo novos hábitos e, por exemplo, moitas persoas incorporaron o paseo á súa rutina diaria. Por iso debemos aproveitar para promocionar con maior intensidade a práctica de deporte e reforzar os programas de loita contra o sedentarismo, ademais de incorporar outras actuacións a prol dos hábitos de vida saudable que permitan a Galicia abandonar a súa actual posición entre as comunidades autónomas con maiores índices de obesidade e sobrepeso. Para isto resultará fundamental unha acción coordinada entre os servizos sanitarios e os educativos para fomentar a promoción da saúde dende a escola.
49. Durante a pandemia, grazas á colaboración coas oficinas de farmacia, conseguimos crear un sistema de cribado estendido para toda a poboación. Debe constituír un primeiro paso para unha maior integración da rede de oficinas de farmacia na prestación de servizos sanitarios, desenvolvendo as súas capacidades nos eidos da dispensación personalizada de medicamentos.



## **TRANSFORMACIÓN EDUCATIVA PARA A GALICIA DO FUTURO**

50. O Partido Popular de Galicia cre firmemente que unha educación de calidade é un dos piares básicos para o desenvolvemento social e económico dun país. Por iso, seguiremos apostando por un sistema baseado na permanente busca da excelencia en todos os niveis, a adaptación ás necesidades e ao contexto de cada momento, a equidade, a participación de todos os actores implicados na comunidade educativa e o deseño de políticas para mellorar o benestar do alumnado.
51. Lamentamos que a Educación se atope no foco da polémica partidista. Neste sentido, seguiremos apostando por acadar un Pacto pola Educación con vocación de darlle permanencia e estabilidade ao noso sistema en beneficio de toda a sociedade.
52. Defendemos a participación das familias como parte activa do proceso educativo, a súa implicación na dinámica dos centros, na toma de decisións e no deseño das políticas de presente e futuro, dado que son a compoñente fundamental do proceso de desenvolvemento integral do alumnado. Nesta liña, cremos que a educación tamén debe adaptarse ás necesidades e preferencias das familias, incluídas a educación especial e concertada postas en risco na última normativa nacional.
53. A cultura do mérito e o esforzo é clave para acadar a excelencia educativa e mellorar a formación dunha sociedade. Por iso rexeitamos o aprobado xeral dos estudantes, con independencia do número de suspensos, que o actual Goberno central quere implantar, porque entendemos que mingua a calidade do sistema e racha coa función do ensino como xerador de igualdade de oportunidades. Queremos seguir aspirando a dar un bo nivel formativo aos máis novos, como reflicte o Informe Pisa que avalía as competencias adquiridas polos estudantes.

54. Sentimos un inmenso orgullo de termos construído en Galicia un dos sistemas máis equitativos de Europa. Con el, reforzamos o papel da educación como igualadora das oportunidades da cidadanía e garantimos que os condicionantes socioeconómicos non incidan nos resultados académicos. Neste sentido, reivindicamos as múltiples medidas de apoio ás familias para a súa integración e dotación de material, así como o feito de que Galicia sexa a Comunidade coas taxas universitarias máis baixas de España, froito do esforzo de máis dunha década mantendo a súa conxelación.
55. O sistema educativo galego é un dos mais inclusivos de Europa, xa que máis do 93% do alumnado con necesidades educativas específicas está escolarizado en centros ordinarios. Pero un partido comprometido coa inclusión coma o Partido Popular debe seguir apostando por avanzar neste eido tomando medidas de formación ao persoal do centro, tanto docente como non docente, que redunden no desenvolvemento social e emocional do alumnado e do profesorado. Ademais cómpre prestar unha atención especial ao papel da familia, como elemento fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado e apostar por unha maior coordinación de todos os actores implicados.
56. Os idiomas son unha peza fundamental do desenvolvemento do noso sistema e das competencias necesarias para o alumnado. Temos o reto como sociedade de seguir favorecendo o coñecemento do galego e o castelán, para fomentar o seu uso libre por parte da cidadanía. Ademais, seguimos apostando por consolidar o noso modelo plurilingüe, para garantir que todos os nenos teñen acceso a unha terceira lingua, nomeadamente o inglés.

57. Os centros educativos non só deben ser un lugar de formación, senón tamén un espazo de socialización axeitado e construtores de valores sociais. Neste sentido, apostamos polo reforzo de ferramentas de prevención do acoso, de comportamentos discriminatorios e machistas, prestando unha atención especial ás novas formas de violencia como o acoso virtual.
58. A educación debe adaptarse ao contexto social actual e preparar aos alumnos para as necesidades do futuro. Por iso, contamos coa estratexia de impulso das competencias STEM (Ciencia, Tecnoloxías, Enxeñería e Matemáticas) máis ambiciosa de todo o Estado, enmarcada na Estratexia galega de educación dixital. Ademais, debemos pular decididamente pola dixitalización do noso sistema educativo, con medidas como: o fomento do libro dixital e dos colexios conectados, a implantación de ensinanzas en Intelixencia Artificial nas distintas etapas educativas para situar á nosa Comunidade á vangarda española; a creación de polos creativos nos centros como laboratorios de ideas; formación do profesorado en recursos dixitais; ou o fomento da nosa infraestrutura dixital educativa.
59. A Formación Profesional é un instrumento estratéxico para o proceso de recuperación económica e social e o modelo galego está a ser unha historia de indiscutible éxito durante a última década. A FP permite o acceso ás novas profesións, a través dunha formación específica; está orientada cara aos coñecementos máis creativos e prácticos, favorecendo o espírito emprendedor; e ofrece máis oportunidades laborais e un elevado nivel de empregabilidade, superando nalgúns casos o 92,5%. Neste sentido, avogamos por seguir ampliando a rede de Centros Integrados de Formación Profesional e potenciando a FP Dual como itinerario de aprendizaxe e prácticas que ofrece importantes oportunidades laborais.

60. A Universidade segue a ser un dos piares do sistema e un dos elementos clave na competitividade dos perfís profesionais do alumnado. Da súa constante actualización, do reforzo do papel investigador e da capacidade de adaptación ao contexto dependen boa parte do futuro da nosa sociedade. Por este motivo, asumimos o reto de mellorar o actual mapa de titulacións adaptado ás novas demandas sociais e que centre unha parte importante de recursos tamén na investigación, que se ten amosado como un elemento chave da resposta áxil dunha sociedade aos novos retos que impón o futuro. Igualmente, cómpre actualizar a normativa autonómica ao respecto das necesidades da universidade dos próximos anos; implementar másteres e posgraos que respondan ás necesidades profesionais do presente e do futuro de Galicia e pechar o catálogo galego con novos títulos que aínda non poden estudarse na nosa Comunidade.

## **UNHA GALICIA QUE NON ESQUECE OS SEUS FILLOS**

61. A socioloxía cuñou o termo “o home esquecido” para referirse aos cidadáns que parecen verse prexudicados polo rumbo, deliberado ou espontáneo, do progreso. O Partido Popular de Galicia cre nuns poderes públicos que fomenten unha sociedade cohesionada, co obxectivo último de que ningún galego poida sentirse esquecido polos demais.
62. A política social máis eficaz e de longo prazo que existe é a creación de emprego e a procura de que este sexa cada vez de maior intensidade, estabilidade e calidade. Ademais dos seus efectos económicos, o emprego é unha vía para a realización persoal.
63. Para aquelas persoas e familias que non poidan acceder a un emprego e sosterse de xeito autónomo, deben desenvolverse políticas públicas de inclusión social. O mellor modo de medir o seu éxito é que os cidadáns que as perciben deixen de necesitalas canto antes. Desde esa perspectiva, cando se detecten situacións de pobreza ou exclusión Galicia debe garantir o acceso a ingresos de primeira necesidade, pero tamén impulsar a saída do sistema de prestacións públicas a través da formación e da adquisición de habilidades que faciliten a entrada no mundo laboral.
64. A posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital (IMV) abre un novo escenario nas políticas públicas de inclusión social. O Partido Popular de Galicia comprométese a impulsar, co máximo consenso posible, unha reforma legal que permita compensar desde o ámbito autonómico as eivas desta prestación deseñada polo Goberno central. Igualmente, reiteramos a petición de que esa prestación debe ser xestionada por todas as comunidades en igualdade de condicións.

65. A Renda de inclusión social de Galicia (Risga), impulsada hai tres décadas por un Goberno autonómico do Partido Popular, debe reformularse para atender casuísticas persoais e familiares de emerxencia que o IMV non cobre e para fomentar que as axudas veñan vinculadas cun itinerario de inclusión sociolaboral, todo isto coa axilidade que requiren as situacións máis delicadas.
66. A pandemia puxo de manifesto a necesidade de que as prestacións de inclusión social de carácter periódico (como a Risga ou o IMV) se vexan complementadas por axudas puntuais que, cunha grande celeridade, atendan situacións de emerxencia sobrevidas para evitar a exclusión social. Na reformulación destas axudas debe terse en conta a experiencia da posta en marcha da Tarxeta Básica (unha tarxeta moedeiro de entrega urxente e que non estigmatiza), coa que Galicia se converteu nunha referencia a nivel nacional.
67. O Partido Popular de Galicia cre que as políticas de loita contra a pobreza deben ter un enfoque preventivo e incidir sobre as causas da desigualdade, como o acceso á tecnoloxía e a unha vivenda digna.
68. Apostamos por unha política de vivenda orientada a garantir unha oferta suficiente, accesible para todas as familias e que reúna en todos os casos condicións de dignidade.
69. O Partido Popular de Galicia propón a posta en marcha de zonas de intervención social especial, a través da colaboración entre Xunta e concellos, con políticas específicas de prevención e resposta á exclusión en barrios degradados e asentamentos chabolistas.

70. A cohesión social pasa necesariamente por seguir avanzando cara á plena igualdade entre homes e mulleres. Non se poden obviar os progresos acadados nesta materia nas últimas décadas, pero tampouco se pode pasar por alto que continúa habendo desigualdades contra as que se debe actuar con toda a contundencia desde a sociedade civil e as Administracións.
71. Preocúpanos o repunte do machismo que están a detectar os expertos entre as xeracións máis novas. Galicia debe atallar de raíz esta situación a través da educación, tanto no ámbito doméstico como escolar.
72. A mostra máis crúa do machismo é a violencia de xénero e a violencia vicaria como unha das súas expresións máis dramáticas. A Xunta de Galicia multiplicou nestes anos as actuacións para previr situacións de violencia e, no caso de que se dean, para protexer ás vítimas e atendelas axeitadamente. Cómpre seguir alerta para dar os apoios precisos, como se fai coa prestación económica as mulleres vítimas ou o acompañamento xurídico e psicolóxico gratuíto cando é preciso.
73. Ademais da violencia contra as mulleres, o Partido Popular de Galicia repudia e condena todos os demais tipos de violencia no ámbito familiar, moi especialmente a que se exerce contra os menores de idade e contra as persoas maiores por seren os máis vulnerables.

## **APOIO A TODAS AS FAMILIAS: DE NETOS A AVÓS**

74. O Partido Popular de Galicia defende a familia en sentido amplo, entendida como a libre realización do proxecto de vida de cada galego e cada galega.
75. As institucións deben desenvolver, na medida das súas competencias e capacidade financeira, unha política familiar que preste aos fogares todo o apoio necesario para dispoñer de oportunidades e certezas na nosa terra e así dar continuidade á transmisión dos valores que cimentan a nosa sociedade. Preocúpanos que desde certas ideoloxías se estea contribuíndo a unha estigmatización da familia e da política familiar como algo “reaccionario”. Galicia debe apoiar sen prexuízos todos os tipos de familia que os galegos decidan formar libremente.
76. Nun contexto de políticas de impulso demográfico, débese apoiar a todas as persoas que queiran ser nais e pais, tamén tendo en conta a aquelas familias que teñen dificultades para conseguilo reforzando os mecanismos de apoio que estean ao noso alcance.
77. Para reforzar a cohesión da nosa comunidade, é necesario tecer un fío entre xeracións. Fronte aos riscos dunha sociedade que, pese a dispoñer de máis facilidades que nunca para conectarse, presenta importantes problemas de illamento e incomunicación, cómpre facilitar o intercambio de coñecementos, experiencias e visións entre mozos e maiores. Apostamos por iniciativas públicas e privadas que faciliten un contacto do que ambas partes poderán enriquecerse.



78. O reto demográfico é a principal hipoteca que pesa sobre o futuro de Galicia, ao igual que a maioría das sociedades occidentais. O Partido Popular de Galicia foi pioneiro, a principios dos anos 1990, en situalo na axenda de prioridades políticas. Tres décadas despois, a nosa comunidade é unha referencia a nivel nacional nas medidas adoptadas para reverter esta tendencia.
79. A demografía non é só natalidade. É conciliación, equilibrio territorial, oportunidades para a mocidade, retorno e captación de nova poboación e envellecemento activo, pero naturalmente tamén é natalidade.
80. A Lei de impulso demográfico de Galicia, a primeira destas características que existe en España, debe ser o marco da cooperación entre Administracións, empresas e o terceiro sector para procurar a revitalización poboacional da nosa comunidade.
81. Para o Partido Popular de Galicia, o reto demográfico significa abordar o reto da conciliación real, efectiva e en condicións de igualdade entre homes e mulleres. Deben deseñarse respostas innovadoras e personalizadas ás dificultades que teñen moitas familias —e especialmente as mulleres— para facer compatible a súa vida familiar e laboral.
82. É imprescindible racionalizar os horarios de traballo para lograr unha xornada máis compacta, ademais de fomentar fórmulas de flexibilidade laboral que durante a pandemia demostraron que funcionan e medidas para a desconexión dixital fóra do horario de traballo.
83. Para lograr avances efectivos que faciliten a conciliación, é necesaria unha colaboración estreita entre os poderes públicos e o tecido empresarial privado. Con esa filosofía, propoñemos que nos vindeiros anos a Xunta fomente a instalación de, como mínimo, un centenar de servizos de conciliación nos centros de traballo.

84. Galicia foi pioneira a nivel nacional ao instaurar a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos para os segundos fillos e sucesivos. Cómpre seguir avogando por que se universalice esta etapa educativa e sexa tamén 100% gratuíta tamén para os primeiros fillos. Entendemos que neste asunto debemos esixir o apoio económico do Goberno central.
85. Para o Partido Popular de Galicia, afrontar o reto demográfico significa reforzar a protección de todas as familias, tendo en conta a súa crecente diversidade das mesmas e o respecto á súa configuración.
86. As familias numerosas contribúen moi especialmente á revitalización da poboación galega e, polo tanto, debe ser prioritario apoialas de xeito incondicional, tanto con axudas económicas como con beneficios fiscais; tal e como xa se ten en conta na concesión da Tarxeta Benvida, na rebaixa de peaxes ou nas matrículas universitarias.
87. Comprometémonos tamén a atender as necesidades de diversas realidades familiares que foron gañando peso nos últimos anos. Para as familias monoparentais, cómpre homoxeneizar a súa definición e aprobar o primeiro Plan de apoio da historia de Galicia para axudarlles a afrontar as dificultades adicionais que atopan para conciliar. Debe terse tamén en conta o número crecente de familias reconstituídas, que ademais dos membros da parella integran a fillas e fillos de parellas previas. Igualmente, cómpre impulsar as medidas de mediación precisas para facer posible a custodia compartida no maior número de casos.
88. As turbulencias sociais e económicas que levamos padecendo de xeito intermitente desde 2008, agravadas pola pandemia, supuxeron que moitas persoas novas visen truncados os seus plans de futuro. O Partido Popular de Galicia comprométese a achegarlles as certezas necesarias para poder emanciparse, labrar o seu porvir e formar unha familia en Galicia.

89. Dende o Partido Popular recoñecemos o papel protagonista que os nosos mozos teñen na sociedade actual. A mocidade debe ter a posibilidade de trazar o seu propio camiño en liberdade, acceder a un emprego digno que lles permita realizarse como persoas e a unha vivenda para arraigarse alá onde desexan vivir.
90. Comprometémonos a dotar a nosa comunidade de máis servizos para os mozos, como xa fixemos ao establecer a gratuidade do transporte que depende da Xunta para os menores de 21 anos ou mantendo os descontos que habilita o Carné Xove. Igualmente, os mozos deben ter máis certezas nun momento de moitas inquiredanzas e dúbidas, por iso demandamos impulsar novos plans de prácticas remuneradas que lles faciliten unha primeira oportunidade na que demostrar a súa valía no mercado laboral. Tamén suxerimos a creación dunha oficina virtual de orientación xuvenil co obxectivo de atender consultas sobre temas de interese para eles como os programas de educación non formal, emprego ou acceso á vivenda.
91. O Partido Popular de Galicia ten unha traxectoria probada de apoio ás persoas con discapacidade e de colaboración coas entidades que as representan. A primeira persoa con discapacidade en acceder a un alto cargo da Xunta fíxoo coas siglas do noso partido. Nos últimos 12 anos, duplicouse o investimento dedicado a garantir o benestar das persoas con discapacidade e ás súas familias, a darlles unha atención especializada cando a necesitan e a facilitar a súa participación en sociedade con plena normalidade.

92. Aínda que nos últimos anos Galicia derruíu boa parte das barreiras que dificultan a vida cotiá das persoas con discapacidade, cómpre seguir avanzando cara a unha Galicia onde todas estas galegas e galegos poidan acadar todo o seu potencial e realizar o seu propio proxecto de vida. Marcámonos o obxectivo de aprobar canto antes un novo decreto de accesibilidade que siga eliminando obstáculos nos espazos públicos, nas vivendas e nos medios de transporte.
93. Ademais dos coidados e do traballo, as persoas con discapacidade merecen tamén desfrutar do seu tempo de lecer. A nosa comunidade impulsará nos vindeiros anos un programa de actividades de ocio adaptado, acorde ás características e ás preferencias persoais de cadaquén.
94. Hoxe en día, un de cada catro galegos supera os 65 anos. As proxeccións de poboación apuntan a que en poucos anos chegarán a ser un de cada tres. Atender ás súas necesidades debe ser necesariamente un dos eixos fundamentais da nosa acción política.
95. A nosa comunidade debe valorar na súa xusta medida as achegas, a experiencia e as ideas das persoas maiores e fomentar a súa participación activa na sociedade. Todas as políticas para os maiores deben ter en conta as preferencias persoais dos maiores.
96. O Partido Popular de Galicia comprométese a avanzar cara a un novo modelo de coidados de longa duración, personalizado, que se adapte ás necesidades das persoas, e participativo, que teña en conta tanto as necesidades das persoas dependentes como dos seus coidadores.

97. Para responder axeitadamente aos retos presentes e futuros do eido dos coidados, propoñemos que se impulse a creación dun ecosistema de investigación e innovación en servizos sociais, centrado especialmente nos retos do envellecemento. Isto permitirá crear ferramentas de detección precoz de posibles problemas e establecer modelos predictivos que melloren a calidade de vida e a atención dos maiores e dos coidadores e se anticipen aos retos que supoñen a dependencia e a cronicidade.
98. Galicia reúne características para ser a capital española da economía dos coidados, con todas as ferramentas para atraer investimento e crear emprego na coñecida como “silver economy”.
99. O Partido Popular de Galicia comprométese a promover a participación activa das persoas maiores na sociedade, xerando novas oportunidades a través da posta en marcha de medidas que favorezan o envellecemento activo, así como a solidariedade e o intercambio xeracional. Grazas ao esforzo de todas as persoas maiores, constrúese a Galicia de hoxe na que sentimos orgullosos de vivir e convivir. Galicia conta cunha das esperanza de vida máis altas do mundo e supón que temos moito potencial na participación social das persoas maiores. Dentro desta liña, fomentaremos o voluntariado para axudarlles a canalizar a súa vocación de axudar aos demais e impulsaremos a figura do mentor para que poidan achegar a súa experiencia aos máis novos.
100. Para os galegos que necesiten recibir atención nos seus fogares, o Partido Popular de Galicia propónse reforzar o Servizo de Axuda no Fogar, garantindo a súa sustentabilidade e impulsando a súa expansión, e aproveitar os avances tecnolóxicos para xeneralizar o uso da teleasistencia.

101. É indispensable tamén afrontar o crecente problema da soidade non desexada. Galicia dispón dunha estratexia pioneira en España para acompañar ás persoas maiores que se senten illadas nas súas casas. O Partido Popular de Galicia propón aproveitar os recursos que nos ofrecen os servizos postais, o pequeno comercio e as entidades sociais arraigadas no territorio para constituír unha ampla rede de atención contra a soidade.
102. Instamos tamén a poñer en marcha modelos de *cohousing*, tanto en contornos rurais como en zonas urbanas. Estes pequenos núcleos de convivencia integraranse no seo do novo modelo de coidados e garantirán a autonomía da vida das persoas, que seguirán vivindo dentro da súa contorna, pero con seguridade, benestar e seguimento profesional.
103. Para os galegos que precisen ser atendidos nunha residencia, comprometémonos a reformar o modelo actual actuando en tres vectores fundamentais de mellora: a implantación plena da perspectiva sociosanitaria e a integración de procesos, o reforzo da presenza da tecnoloxía, e un deseño arquitectónico que respecte a intimidade dos usuarios e favoreza unha atención individualizada.
104. Propoñemos a aprobación dun Plan específico de protección civil para casos de persoas perdidas ou desaparecidas, que permita mellorar a coordinación entre os distintos equipos de emerxencias e os servizos sociais ou sanitarios que poidan estar ao cargo de dispositivos de xeolocalización no caso de persoas maiores ou dependentes, así como homoxeneizar os procedementos e o uso de medios tecnolóxicos como os drones.

105. Os poderes públicos deben garantir a solidez presente e futura do sistema de atención á dependencia. Dáse a circunstancia de que, a pesar de que a lei estatal propoñía un marco de financiamento destes apoios equilibrado, Galicia segue a soste as tres cuartas partes da factura da atención á dependencia. En consecuencia, reclamamos unha maior implicación do Goberno central, co obxectivo de que o financiamento se reparta dun xeito equitativo entre ambas Administracións e permita ampliar a cobertura.
106. Deben tomarse tamén as medidas necesarias para garantir a sustentabilidade do sistema de pensións, de xeito que se blinde a solidariedade interxeracional e que todos os galegos, independentemente da súa idade, teñan o dereito de desfrutar do froito do seu traballo despois da súa xubilación. Reclamamos garantías para protexer o sistema hoxe e no futuro, e avogamos por abrir un proceso de negociación a nivel nacional que frutifique nun gran pacto de Estado que garanta un modelo equitativo e sostible.

## MÁIS E MELLORES SERVIZOS PARA O RURAL

107. O Partido Popular de Galicia cre no rural como unha parte fundamental do presente e o futuro da nosa Comunidade. A nosa esencia é rural e a pandemia tamén nos demostrou moitas das vantaxes de vivir nestas contornas. Por iso, debemos apostar por políticas que sigan aumentando o seu atractivo para construír proxectos de vida coa mellora constante dos servizos públicos.
108. Unha vez superadas as urxencias da pandemia, toca retomar o obxectivo estrutural de vivir máis e vivir mellor, todo un desafío nun territorio marcado pola dispersión da súa poboación. Por iso, é preciso que as medidas que se acometan nesta área teñan en conta a perspectiva demográfica da nosa comunidade. O Partido Popular de Galicia entende e atende ás peculiaridades do noso territorio para responder do mellor xeito posible ás necesidades de todos os galegos, vivan onde vivan.
109. O reto demográfico supón tamén que as familias do rural dispoñan das mesmas facilidades que as que viven nas cidades. Ao igual que traballamos para que o factor económico non condicione o acceso á educación infantil, entendemos que o factor territorial tampouco debe ser causa de desigualdade no acceso ás medidas de conciliación.
110. Sentímonos fondamente orgullosos de que as casas niño que Galicia leva despregando durante os últimos anos sexan xa obxecto de estudo a nivel nacional e europeo. O seu éxito márcanos a meta: que estean presentes en todas as parroquias rurais que precisen dun servizo así.
111. A Administración autonómica e as entidades locais deben colaborar para ampliar a cobertura dos servizos “de madrugadores” e das ludotecas, que cumpren un papel indispensable para facilitar a organización das familias fóra do horario lectivo.



112. Galicia é referente no seu sistema de Bibliotecas Escolares, que actúan como elemento de dinamización social e de fomento da lectura, especialmente nos centros rurais. Avogamos por reforzar este modelo con proxectos que afonden neste papel de punto de encontro cultural e de coñecemento.
113. No eido rural, a existencia de centros escolares en desuso ou equipamentos semellantes abre a posibilidade da súa reconversión en centros de servizos sociais que poidan funcionar como núcleos de dinamización destas zonas, adaptándose á realidade sociodemográfica actual.
114. Para moitas familias, conciliar significa tamén dispoñer de colaboración para o coidado das persoas maiores durante o día. Nas zonas menos poboadas, esta necesidade respóndese a través das casas do maior, que propoñemos que cheguen ao 100% dos concellos galegos sen centro de día ao longo dos vindeiros anos.
115. O servizo de Hospitalización a Domicilio revelou-se como un sistema de éxito para a atención de proximidade á poboación cunha ou varias patoloxías crónicas. Galicia debe seguir apostando polo seu reforzo polos beneficios que supón tanto para a calidade de vida dos pacientes como das familias e cumprir o obxectivo marcado de que esta opción estea dispoñible para o 100 % da poboación.
116. O Partido Popular de Galicia considera necesario que se ofrezan servizos profesionais móbiles orientados ás persoas maiores nas zonas menos poboadas, onde non sexa posible ofrecelos de xeito fixo e estable. A Xunta de Galicia debe retomar e mellorar o autobús de “Coidados Porta a Porta” con servizos de podoloxía, optometría, obradoiros de memoria e asesoría persoal en temas como o pagamento de facturas ou o uso da tecnoloxía, implantado en 2019 e que sufriu unha paréntese na súa actividade por mor da pandemia.

117. A mobilidade é un dereito imprescindible para o desenvolvemento de todos os aspectos da vida das persoas: no eido educativo, sanitario, laboral, familiar e social. Con esta mesma filosofía, e en consonancia coa estratexia de sostibilidade, debemos promover un modelo de mobilidade “porta a porta” que permita consolidar unha alternativa real aos desprazamentos en vehículo privado.
118. Queremos que Galicia siga a ser un referente en mobilidade sostible. Logo de ser a primeira Comunidade Autónoma en renovar toda as liñas de transporte interurbano, e pioneira na implantación de transporte gratuíto para os menores de 21 anos, cómpre dar novos pasos. Avogamos pola creación dun portal do transporte público de Galicia que aglutine a información e a xestión por parte dos usuarios dos distintos servizos de transporte público (autobús, barco, tren) e os sistemas de transporte compartido (automóbil, bicicleta...). Desde esa plataforma, os usuarios deberán poder realizar consultas, planificar as viaxes e mercar billetes de forma sinxela para calquera medio e itinerario, o que tamén facilitaría unha mellor coordinación para a intermodalidade.
119. A necesaria aposta pola mobilidade debe vir acompañada dun reforzo das infraestruturas para exercer este dereito, co que tamén se garante o equilibrio entre territorios e a equidade entre cidadáns. Cómpre completar a rede autonómica de vías de altas prestacións, garantir a seguridade viaria das estradas convencionais e ampliar a construción de sendas peonís que posibiliten os desprazamentos non motorizados de forma segura. Sobre este punto, reivindicamos con determinación unha maior atención por parte do Goberno de España ás infraestruturas que favorezan a mobilidade no medio rural, e palíe a súa preocupación case exclusiva polas infraestruturas das grandes aglomeracións urbanas de fóra de Galicia.

120. Cómpre seguir afondando na redución da fenda dixital, a través da mellora das infraestruturas tecnolóxicas nas zonas rurais, de políticas de alfabetización dixital e de apoio ás familias que aínda non dispoñan de dispositivos con acceso a internet.
121. Os servizos de saneamento e abastecemento son imprescindibles para garantir a calidade de vida no rural e o coidado ambiental do medio. Por iso, apostamos por poñer a disposición dos concellos solucións técnicas específicas para a xestión do ciclo da auga no medio rural con criterios de sustentabilidade e eficiencia. Propoñemos impulsar unhas directrices para o desenvolvemento de sistemas de saneamento e depuración en pequenos núcleos de poboación e para a optimización do tratamento das augas pluviais que contribúan a reducir as infiltracións nas redes e evitar así custos innecesarios en transporte e tratamento.
122. A mellor maneira de captar poboación para o rural é crear un ecosistema favorable para a creación de empresas e emprego. Neste sentido, debemos apostar por implantar iniciativas de asesoramento como os Polos de Emprendemento e servizos de orientación e formación laboral adaptados á realidade do territorio, así como o fomento da dixitalización para que as empresas se poidan abrir aos mercados globais desde calquera punto da nosa Comunidade.
123. Este Bienio Santo pode ser un poderoso aglutinador da sociedade galega. É preciso impulsar iniciativas de voluntariado que implique a todos os galegos que desexen participar deste evento histórico, sen esquecer que co mesmo obxectivo debemos preparar tamén o seguinte Xacobeo 2027.

124. Galicia ten un enorme potencial para ser unha referencia internacional no turismo sostible. Sobre a consolidación de Galicia como espazo verde e os fundamentos da denominada “economía azul”, temos unha oportunidade de transformar o noso modelo e converternos nun destino con aínda maior valor engadido. O noso rural non só debe ser un espazo atractivo para vivir, senón tamén para visitar e para seguir mellorando o noso posicionamento internacional. Os populares galegos seguiremos traballando para que así sexa.